

Elvira Sahuquillo Balbuena

Novas aportacións á orquideoflora da Serra do Courel (Galicia, NW Península Ibérica)

Recibido: 3 xullo 2018 / Aceptado: 31 outubro 2018
© Universidade de Santiago de Compostela 2018

Resumo Neste traballo coméntase o achádego de dúas novas especies de orquídeas na Serra do Courel. Estes datos complementan a información existente da Familia Orchidaceae nesta serra e no contexto global de Galicia e a Península Ibérica.

Palabras chave Orquídeas · Biodiversidade · *Ophrys* e *Listera*.

New contributions to the orchidological flora of the Serra do Courel (Galicia, NW Iberian Peninsula)

Abstract In this study, the find of two new orchids at Serra do Courel is commented. These data improve knowledge about the F. Orchidaceae in this area and, therefore, in Galicia and the Iberian Peninsula.

Keywords Orchids · Biodiversity · *Ophrys* and *Listera*.

Introdución

Como resultado das recentes prospeccións florísticas pola Serra do Courel, no ano 2018 atopáronse dúas novas especies de orquídeas que completan o catálogo orquideolóxico courelao. Ata o momento citáronse 22 especies, o que representaba algo máis do 50% dos taxons presentes en Galicia (Sahuquillo 2018). As novas achegas elevan esta porcentaxe ao 60%, o que converte a Serra do Courel na mellor zona de Galicia para a observación das orquídeas silvestres. A continuación indícanse as novas

especies atopadas, as súas características morfolóxicas diferenciais, as particularidades reprodutivas e as súas preferencias ecolóxicas. Ademais, fanse algunhas consideracións sobre a súa conservación.

Resultados

As dúas novas especies son de especial interese dada a súa limitada presenza en Galicia.

Ophrys sphegodes Mill. aparece dispersa nos areais costeiros sobre todo da provincia da Coruña e nalgúns zonas montañosas do E das provincias de Lugo e Ourense. A presenza de *Listera ovata* (L.) R. Brown en Galicia é menos coñecida, con poucas citas nas provincias de A Coruña e Lugo.

Ophrys sphegodes inclúese no xénero *Ophrys*, constituído por orquídeas rechamantes pola curiosa transformación do seu labelo que lembra a diferentes tipos de insectos. Nesta especie o resto das pezas florais son de cor verdosa, o que a diferencia dos outros dous representantes do xénero presentes na Serra do Courel (*O. apifera* Hudson e *O. scolopax* Cavanilles, con pezas florais rosadas). O labelo en *O. sphegodes* é pardo escuro, con dúas protuberancias laterais e pubescencia na súa marxe, ademais de presentar unha mácula central satinada en forma de H, de cor violácea (Fig. 1). Esta especie utiliza o engano sexual para ser polinizada axudándose, ademais de pola forma do seu labelo, polo efecto de substancias que emite semellantes ás feromonas dos insectos. Atráe polo xeral a himenópteros, normalmente da especie *Andrena nigroaenea* (Claessens & Kleynen, 2016). A forma do labelo desta especie é moi variable, polo que se describiron numerosas subespecies ao longo do seu rango de distribución, non existindo un acordo xeral sobre o seu status taxonómico (Pedersen & Faurholdt, 2007; Aedo & Herrero, 2005; Hermosilla Fernández, 2018). Florece na Serra do Courel de maio a xuño e trátase dun xoelemento Mediterráneo, sendo a súa presenza testemuñal.

Elvira Sahuquillo Balbuena
Dpto. Bioloxía. Facultade de Ciencias. Universidade da Coruña
Email: elvira.sahuquillo@udc.es



Figura 1.- Porte e detalle da flor de *Ophrys sphegodes*



Figura 2.- Porte e detalle da flor de *Listera ovata*

Aparece nos pasteiros desenvolvidos sobre os afloramentos calcarios, e polo tanto as súas poboacións forman parte da flora destes hábitats de interese comunitario (tipo de hábitat 6210*, Directiva Europea 92/43/CEE). Ademais, como a maioría das orquídeas, inclúese no anexo II do Convenio CITES, sobre o comercio de especies silvestres (*Convention on International Trade in Endangered Species of Wild Fauna and Flora*, 1986).

Listera ovata (L.) R. Brown é unha orquídea pouco rechamante, que pasa facilmente desapercibida pola súa coloración verdosa, que non destaca da contorna. Caracterízase e distínguese doutras orquídeas, ademais de pola súa cor, polas dúas únicas follas opostas que ten na base do tallo. Estas follas son moi características, amplas, ovais e con nervios paralelos ben marcados. As flores verdosas sitúanse nun acio terminal pouco aparente. Nelas é fácil observar o ovario, ben definido baixo o resto das pezas florais, e o labelo dividido en dous lóbulos terminais (Fig. 2). A súa estrutura floral favorece a entomofilia mediante recompensa, xa que ofrece abundante néctar na base do seu labelo, sendo visitada principalmente por avespas ichneumonidas aínda que tamén se observaron outros polinizadores coma os coleópteros (Claessens & Kleynen, 2016). Florece na Serra do Courel nos meses de xuño e xullo. Pola súa distribución xeral é considerada como un xoelemento Euroasiático. É unha orquídea escasa na Serra do Caurel pero tamén en Galicia. A comunidade vexetal onde foi atopada na Serra do Courel é no sotobosque dun piñeiral con capudre aínda que pode aparecer en matogueiras abertas e pasteiros.

Tratase dunha especie moi escasa en Galicia, con poucas poboacións dispersas e de pequeno tamaño que debería ser tida en conta para a súa protección a nivel autonómico. Ao igual que no caso anterior, está incluída no convenio CITES que regula o comercio de especies silvestres (*Convention on International Trade in Endangered Species of Wild Fauna and Flora*, 1986).

Bibliografía

- Aedo, C. & Herrero, A. (Eds.) (2005). Smilacaceae-Orchidaceae, In: S. Castroviejo (Ed.): Flora Iberica, vol. XXI: 15-197. Real Jardín Botánico. CSIC. Madrid
- Claessens, J. & Kleynen, J. (2016). Orchidées d'Europe. Fleur et pollinisation. Biotope éditions. Mèze. France. 448 páx.
- Hermosilla Fernández, C.E. (2018). Sobre la errónea presencia de *Ophrys araneola* en Galicia: *O. kallaikia*, sp. Nov. Flora Montiberica 71: 121-138
- Pedersen, H.A. & Faurholdt, N. (2007). *Ophrys*. The bee orchids of Europe. Royal Botanic Gardens, Kew. Richmond, Surrey. UK. 297 páx.
- Sahuquillo, E. (2018). As orquídeas da Serra do Courel. Monografías do Ibader - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel 1. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo.